



**“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE TRES PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE CONDUTOR/A-MOTOBOMBISTA (GC8) DO CONCELLO DE TEO**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, de tres persoas na categoría de condutor/a-motobombista, para o desempeño de tarefas de condución de vehículo motobomba forestal e manexo da motobomba en labores de prevención e defensa contra incendios forestais.

As contratacións realízanse ao abeiro do “Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Teo para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027”.

As contratacións efectuaranse a xornada completa, terán unha duración de tres meses e desenvolveranse en réxime de quendas de mañá, tarde e noite, de luns a domingo, conforme á planificación e organización establecidas polo Distrito Forestal III Santiago-Meseta Interior.

As persoas seleccionadas incorporaranse ao equipo de prevención e extinción de incendios forestais que poñerá en marcha o Concello, traballando coordinadamente coa brigada de prevención e extinción de incendios forestais e cos departamentos municipais relacionados.

O equipo integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal III Santiago-Meseta Interior, priorizándose a actuación do vehículo motobomba na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos.

A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código de contrato 406).



### **Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.**

Para participar no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas correspondentes ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de persoas nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente, nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público nos mesmos termos.

e) Estar en posesión do permiso de conducir da clase C. (Vehículos de máis de 3500 kg de MMA).

f) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou equivalente.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente credencial de homologación ou, de ser o caso, do correspondente certificado de equivalencia.



Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea aplicables.

### **Terceira.- Convocatoria e presentación de solicitudes.**

O Concello de Teo procederá á publicación do anuncio da convocatoria na páxina web municipal ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)), na sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gal/>), no taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), sendo esta última publicación a que determine o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán presentar unha solicitude conforme ao modelo que figura como anexo II, dirixida á Alcaldía do Concello de Teo, no prazo de dez (10) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, en horario de atención ao público, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentación da solicitude por un medio distinto ao Rexistro Xeral do Concello, deberá comunicarse tal circunstancia ao Concello dentro do mesmo prazo de presentación de solicitudes, mediante correo electrónico dirixido a [aedl@teo.gal](mailto:aedl@teo.gal), indicando no asunto "Motobombistas 2026".

Se o último día do prazo coincidise con día inhábil, este entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Na solicitude farase constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases, debendo achegarse a seguinte documentación:

1.- Documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base segunda:

- a) Titulación requirida. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse a correspondente credencial de homologación ou equivalencia.



- b) Permiso de conducir da clase C.
- c) Declaración responsable de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións propias do posto (anexo III).

2.- Documento acreditativo da identidade (DNI, NIE, pasaporte ou equivalente).

3.- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Só serán valorados os méritos debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non serán obxecto de valoración os méritos achegados con posterioridade a dito prazo nin aqueles que non se atopen suficientemente acreditados conforme ao establecido nas presentes bases.

Cando a relevancia do documento no procedemento así o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia achegada, o Concello poderá solicitar motivadamente o cotexo da documentación presentada, requirindo para tal efecto a exhibición do documento orixinal.

A presentación da solicitude para participar no proceso selectivo implicará o coñecemento e aceptación íntegra das presentes bases.

#### **Cuarta.- Admisión de persoas aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco (5) días naturais, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal do Concello de Teo ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)), sendo determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na normativa vixente.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de tres (3) días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación da resolución, para presentar reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a súa exclusión.



Finalizado o prazo de reclamacións e resoltas, de ser o caso, as alegacións presentadas, aprobarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

No suposto de non existir persoas aspirantes excluídas, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva na mesma resolución.

Unha vez valorados os méritos alegados polas persoas participantes, publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a relación de puntuacións obtidas na fase de concurso, indicando igualmente a data, lugar e hora de realización da fase de oposición.

#### **Quinta.- Tribunal.**

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo

Suplente: Jesús Naveira Vázquez, xefe de servizos xerais do Concello de Teo

Vogal: Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo

Suplente: Ana María Varela González, técnica de medio ambiente do Concello de Teo

Secretario/a-vogal: Carmen Vidal González, administrativa do Concello de Teo

Suplente: Diego Rodríguez Porto, técnico de xestión económica e tesourería do Concello de Teo

O Tribunal poderá solicitar axuda de persoal técnico ou asesor cando o considere axeitado.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto das persoas aspirantes non seleccionadas se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.



A Alcaldía, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

### **Sexta.- Proceso de selección**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases entre as persoas que presentasen solicitude en prazo e resultasen admitidas.

O proceso selectivo desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso: ata un máximo de 15 puntos.

Nesta fase serán valorados polo Tribunal os méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes, conforme ao baremo recollido no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: ata un máximo de 25 puntos.

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatória, relacionada co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito habitual no posto de traballo ofertado.

A finalidade da proba será que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas habituais desempeñadas polos/as condutores/as-motobombistas durante un operativo de incendio forestal.

A puntuación máxima desta fase será de 25 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos para considerar a mesma superada.

A cualificación da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media aritmética das puntuacións outorgadas polos membros do tribunal con voz e voto.

De producirse empate na puntuación final, este resolverase a favor da persoa aspirante que acadase maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra resultante do sorteo anual realizado pola Xunta de Galicia para determinar a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos da Administración autonómica vixente na data de publicación destas bases. De continuar o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, e así sucesivamente.



O tribunal procederá á cualificación das persoas aspirantes conforme ao establecido nas presentes bases e publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a relación de persoas aspirantes coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das tres persoas candidatas que obtivesen a maior puntuación total.

Publicada a devandita relación, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous (2) días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación. No caso de que algunha das persoas candidatas inicialmente propostas renunciase á contratación ou non acreditase os requisitos esixidos, formularase proposta de contratación a favor da persoa aspirante que acadase a seguinte maior puntuación, e así sucesivamente.

Así mesmo, no caso de baixa, renuncia, rescisión contractual ou calquera outra circunstancia que supoña a vacante do posto durante o período de vixencia do contrato, poderá efectuarse nova contratación pola orde de puntuación resultante do proceso selectivo.

#### **Sétima.- Duración do contrato**

O contrato terá unha duración de tres (3) meses dende a data inicial de formalización.

#### **Oitava.- Incidencias**

O tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso–oposición en todo o non previsto nestas Bases.

#### **Novena.- Formalización do contrato**

Co obxecto de proceder á formalización dos correspondentes contratos laborais, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da proposta de contratación no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, para achegar a seguinte documentación actualizada:



- a) Certificado médico, asinado por persoal facultativo colexiado en exercicio, no que conste expresamente que a persoa aspirante posúe a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes ao posto.
- b) Declaración responsable de non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade conforme á normativa vixente.
- c) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- d) Copia cotexada da documentación presentada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente, titulación requirida para o posto, permiso de conducir, acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso, e documentación xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Unha vez presentada correctamente a documentación anterior, as persoas aspirantes serán citadas para a realización dun recoñecemento médico e dunha proba física de esforzo destinados a verificar a súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

A superación do recoñecemento médico e da proba física de esforzo terá carácter obrigatorio e constituirá requisito imprescindible para a formalización do contrato laboral. No caso de que o resultado do recoñecemento médico non fose favorable ou non se superase a proba física de esforzo, a persoa aspirante decaerá no seu dereito á contratación, realizándose proposta a favor da seguinte persoa candidata por orde de puntuación, procedéndose do mesmo xeito de forma sucesiva.

Se dentro do prazo indicado (agás nos supostos de forza maior, debidamente acreditados e apreciados potestativamente pola Alcaldía) algunha das persoas aspirantes propostas non presentase a documentación requirida, ou da mesma se deducise o incumprimento dos requisitos esixidos, non poderá formalizarse a contratación, efectuándose nova proposta a favor da seguinte persoa aspirante por orde de puntuación, logo da realización e superación do correspondente recoñecemento médico e da proba física de esforzo.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**Décima.- Dereito supletorio.**

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na normativa laboral e administrativa que resulte de aplicación, e especialmente no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como na demais normativa concordante e de desenvolvemento.

**Décima primeira.- Norma final.**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Teo, 20 de maio de 2026

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz



## ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso:

### **1) Formación (máximo 7,50 puntos):**

a) Coñecemento da lingua galega (unicamente se valorará a titulación de maior nivel debidamente acreditada):

- Curso de Iniciación ou CELGA III: 0,25 puntos
- Curso de Perfeccionamento ou CELGA IV ou superior: 0,50 puntos

Puntuación máxima nesta apartado: 0,50 puntos.

b) Cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto:

Valorarase con 0,10 puntos por cada 10 horas de formación acreditadas, ata un máximo de 6,00 puntos.

Só serán valorados os cursos directamente relacionados coas tarefas propias do posto convocado, organizados, impartidos ou homologados por administracións públicas, universidades públicas ou entidades dependentes das mesmas.

c) Cursos de prevención de riscos laborais:

Valorarase con 0,10 puntos por cada 10 horas de formación acreditadas, ata un máximo de 1,00 punto.

Só serán valorados os cursos organizados, impartidos ou homologados por administracións públicas, universidades públicas ou entidades dependentes das mesmas.



**2) Experiencia profesional (máximo 7,50 puntos):**

- a) Por servizos prestados en postos de igual ou similar natureza nunha administración pública: 0,20 puntos por cada mes completo traballado.
- b) Por servizos prestados en postos de igual ou similar natureza na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo traballado.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo ou certificados de servizos prestados, xunto coa vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo quedar acreditada en todo caso a categoría profesional desempeñada.

Non se computarán períodos inferiores a un mes, entendéndose este como un período de 30 días naturais a xornada completa.



**ANEXO II**  
**MODELO DE INSTANCIA**

D./Dña....., con documento de identidade número ..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en ..... CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico.....

**EXPOÑO:**

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e das bases reguladoras do proceso selectivo convocado polo Concello de Teo para a contratación temporal de tres persoas na categoría de condutor/a-motobombista.

II.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas devanditas bases.

III.- Que achego a documentación requirida e os méritos que desexo facer valer na fase de concurso.

Polo exposto,

**SOLICITO:**

Ser admitido/a no proceso selectivo convocado polo Concello de Teo para a contratación temporal de tres persoas na categoría de condutor/a-motobombista.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Asdo.: \_\_\_\_\_



**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Copia do DNI, NIE, pasaporte ou documento identificativo equivalente.
- Copia do permiso de conducir da clase C
- Copia da titulación esixida nas bases da convocatoria.
- Declaración responsable de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desempeño do posto (anexo III).
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

**RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

**SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

**ANEXO III  
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./Dña....., con  
DNI/NIE/pasaporte nº ..... e domicilio a efectos de notificación e  
comunicación en.....  
CP..... localidade..... telf..... e correo  
electrónico .....

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

Que non padece enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co  
desempeño das funcións propias do posto de condutor/a-motobombista convocado polo  
Concello de Teo.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Asdo.: \_\_\_\_\_”